

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o

CENTRO: CEIP OZA DOS RÍOS

CURSO: 5ºA

MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN PRIMARIA

DATA: 12/05/2020

desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	<p>Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e comunícaa oralmente e por escrito.</p> <p>Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.</p> <p>Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo.</p>
Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	<p>Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.</p> <p>Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>Mostra actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean.</p>
Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes.	Describe como é e de que forma se orixinou o universo, explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.
Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.	Describe as características, compoñentes e movementos do sistema solar, localizando o Sol no centro deste e os planetas segundo a súa proximidade.
Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios.	<p>Describe a localización da Terra no sistema solar.</p> <p>Explica a forma e algunhas características da Terra vista desde o espazo.</p> <p>Define o movemento de translación terrestre, o eixe de xiro e os polos xeográficos e asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado.</p> <p>Identifica as estacións, fixa a súa duración, e describe a luz solar nelas e os seus efectos sobre os seres vivos.</p> <p>Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.</p> <p>Identifica, nomea e describe as capas da Terra, e algunhas das súas características.</p> <p>Define a translación da Lúa e identifica e nomea as fases lunares.</p> <p>Explica, de forma sinxela, a formación das mareas como consecuencia da influencia</p>

	<p>da Lúa sobre a Terra. Describe a que se deben a formación das eclipses e nomea distintos tipos.</p>
<p>Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.</p>	<p>Explica as distintas formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. Describe características do globo terráqueo e do planisferio. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas. Define que é a escala nun mapa e distingue entre escala gráfica e escala numérica. Interpreta e localiza en mapas, utilizando diferentes escalas, un Utiliza e interpreta os signos convencionais máis usuais dos mapas explicando o significado dos distintos elementos que poden aparecer nel.lugar ou un conxunto xeográfico. Explica e manexa os conceptos de paralelos e meridianos. Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas.</p>
<p>Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España.</p>	<p>Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan o clima da súa zona. Explica que é unha zona climática, nomea as tres zonas climáticas do planeta e describe as súas características principais.</p>
<p>Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas.</p>	<p>Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España e de Galicia, e as zonas as que afecta cada un. Interpreta e analiza climogramas de distintos territorios de España e relaciónaos co clima ao que pertencen. Indica que temperaturas e que precipitacións son características de cada tipo de clima en España e en Galicia.</p>

* Para o alumnado con necesidades educativas especiais flexibilízase os criterios de avaliación establecidos de xeito individual nas correspondentes adaptacións curriculares significativas.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<u>Procedementos</u> : Observación directa e rexistro do traballo diario na aula e nos cadernos, valoración de probas creadas para a avaliación, debates e participacións e observacións dos logros do alumnado.
	<u>Instrumentos</u> : Diarios e caderno, probas escritas de resposta aberta (probas de desenvolvemento), probas obxectivas de resposta cerrada (completar frases, relacionar, ordenar, resposta breve,...), tests e fichas de rexistro dos logros do alumnado.
Cualificación final	<u>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso</u> : A cualificación final do curso será obtida mediante unha media ponderada das dúas primeiras avaliacións. O traballo desenvolvido na terceira avaliación será valorado, unicamente, como positivo para mellorar a cualificación final.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Levaranse a cabo actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación. Os tipos de actividades son os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> - Tarefas de "Aula Planeta" autocorrexibles. - Actividades de repaso sobre os contidos impartidos nas dúas primeiras avaliacións. - Actividades de resposta breve (completar frases).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Aquel alumnado que dispón de conectividade, fai o seu traballo mediante a plataforma dixital Edixgal. Unha vez realizadas as tarefas, reenvían o traballo ao profesorado para a súa corrección. O alumnado que non conta con conectividade pode imprimir o seu material no Concello correspondente.
Materiais e recursos	O material empregado é o ordenador co que conta o alumnado para traballar na plataforma dixital Edixgal. Os recursos son os que están dispoñibles na dita aplicación ou os extraídos doutras fontes, por parte do profesorado.

3. Información e publicidade

Información alumnado e familias	ao ás	O alumnado é informado a través da plataforma dixital Edixgal. En dita aplicación existe un apartado de “Mensaxes”, no cal hai unha comunicación directa alumnado-profesorado acerca das diversas actividades e tarefas a realizar.
Publicidade		Publicación obrigatoria na páxina web do centro.